

## **INFORME SOBRE OS CONTIDOS DO GRUPO 4º ESO A**

---

### **HISTORIA**

PROFESORA: ANA TRASTOY CUBA

Para Historia de 4º da ESO o tema 5 "Imperialismo, guerra e revolución " non entra na terceira avaliación. Empezaremos a terceira co tema 6, que xa teñen na aula virtual.

### **MATEMÁTICAS**

PROFESOR: JOSÉ JORGE RODRÍGUEZ

Comezamos de cero na 3ª coa unidade 7: Semellanza e Trigonometría, i.e., Sistemas de inecuacións queda como avaliado.

### **FRANCÉS**

PROFESOR: JOSÉ LUIS RIVAS FERNÁNDEZ

Para a terceira avaliación os contidos serán os das actividades que se vaian colgando no bloque do departamento de Francés na web do Centro. De cara á avaliación só se terán en conta os contidos traballados a teledistancia, quedan excluídas as partes da nota correspondentes á actitude e á expresión oral.

### **INGLÉS**

PROFESORA: MARÍA ADORACIÓN VILLAMOR CANELAS

Os contidos que foron dados antes do confinamento pasan á 3ª avaliación. Farei uso da aula virtual onde se irán sinalando os exercicios e actividades que teñan que facer para ser cualificados ao longo da terceira avaliación.

### **MÚSICA**

PROFESORA: ENCINA FRA GÁLVEZ

A materia que quedou sen examinar, non vai entrar na 3ª avaliación. Xa estaba practicamente dada. Na 3ª avaliación mandarei traballo pola web, cada novo contido coa súa explicación e ficha de exercicios. Na parte práctica: gravacións de cancións. Tanto as actividades propostas na parte práctica como as da parte teórica teñen que ser enviadas por correo obrigatoriamente para poder obter a nota da 3ª avaliación.

## **TIC**

PROFESORA: MARÍA ESTRAVIZ

O da segunda avaliación queda avaliado, empezamos a terceira despois de Semana Santa, non entran os contidos anteriores.

## **LINGUA CASTELÁ E LITERATURA**

PROFESORA: MARCELA RÍOS

A terceira avaliación comeza no Modernismo e a Xeración do 98.

O exame dos contidos correspondente á parte de Morfoloxía farase durante a terceira avaliación.

O traballo optativo sobre *Como agua para chocolate* pode ser entregado por correo electrónico e terase en conta positivamente na nota final de xuño.

O exame do libro de lectura obrigatoria, *Un viejo que leía novelas de amor*, farase durante a terceira avaliación.

O libro de lectura obrigatoria da terceira avaliación, *Cuatro corazones con freno y marcha atrás*, pasa a ser optativo e farase un traballo a partir da súa lectura (proporcionarase PDF) ou da peza de teatro de Estudio 1 dispoñible na web. Dito traballo será comunicado por correo electrónico ou na páxina web do centro.

## **VALORES ÉTICOS**

PROFESORA: MARÍA ESTRAVIZ

Os contidos da 2ª avaliación xa están avaliados.

A terceira avaliación comeza despois de Semana Santa.

## **EDUCACIÓN FÍSICA**

PROFESOR: ALFREDO RODRÍGUEZ

No terceiro trimestre entran os contidos xa programados: Balonmán II, Orientación Deportiva e Tenis. Na aula virtual xa subín o material para o trimestre aínda que faltan dúas actividades por engadir. Polo tanto, a pesar de que non din todos os contidos, dou por finalizada a 2ª avaliación. Para evitar confusións tamén subirei instrucións precisas á aula virtual para que o alumnado non teña dúbidas.

## **FILOSOFÍA**

PROFESOR: GUILLERMO HERNÁNDEZ

O bloque 3 (Socialización) pasa a formar parte da 3ª avaliación.

## **BIOLOXÍA E XEOLOXÍA**

PROFESOR: RAMÓN LÓPEZ

Na terceira avaliación remataranse as partes non dadas das unidades 7 e 8.

## **FÍSICA E QUÍMICA**

PROFESOR: RODRIGO MONTES

A unidade de Física que foi dada xusto antes da suspensión das clases pasa a formar parte da 3ª avaliación.

Na terceira avaliación darase a parte correspondente a Física.

## **LINGUA E LITERATURA GALEGA**

PROFESORA: MANUELA GARCÍA

Danse por avaliados todos os contidos da segunda avaliación.